

O sector galego do libro únese na primeira Gala do Libro Galego

O 14 de maio entréganse os galardóns en catorce categorías diferentes

[Elisa Álvarez](#) Santiago, 06 de mayo de 2016. Actualizado a las 14:00 h.

O Teatro Principal de Santiago acolle o sábado 14 de maio a primeira Gala do Libro Galego, unha iniciativa que suma os premios literarios que ata o de agora convocaban por separado a Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG), a Asociación Galega de Editores, e a Federación de Librarías de Galicia. O obxectivo deste acordo é confluir nun so evento, xa que «sumar en cultura non é sumar, se non multiplicar», explicou Cesáreo Sánchez Iglesias, presidente da AELG. Na gala vanse entregar os premios en catorce categorías, desde ensaio ata iniciativa cultural ou fomento da lectura, pasando por libro ilustrado, xornalismo cultural, narrativa ou teatro. Tamén hai premios honoríficos a unha librería, unha editora e ao escritor galego universal, que este ano será para Pere Gimferrer pola súa traxectoria e contido ético. Tras recoller as propostas feitas polos editores, todos os asociados das tres entidades fixeron unha selección dos finalistas e agora é un xurado composto por representantes do sector e do mundo da cultura quen elixe aos gañadores. Nalgunhas categorías hai so tres finalistas pero noutras chégase ata seis. Sánchez asegurou que é preciso dar visibilidade social a este ben cultural, algo que está recollido na lei do 2006 «mais non aínda na realidade, e esta é a realidade que queremos axudar a mudar». Na presentación da gala, que conducirá o xornalista e escritor Camilo Franco, estiveron tamén o vicepresidente da Federación de Librarías, Xosé Antón Pedreira, e Xulio Amigo, da directiva de editores.